

TOPÓNIMOS MEDIEVAIS EN TERRA DE NÓVOA (CARBALLEDA DE AVIA)

Luz Méndez
Asociación Galega de Onomástica

Os topónimos que imos comentar neste relatorio corresponden ós que aparecen no verso dun pergamiño, coñecido como *Tumbo das viñas de Ribadavia*¹, que se pode datar, con gran probabilidade, na segunda metade do século XIV.

A antiga xurisdición da *Terra de Nóvoa* está amplamente documentada nos textos medievais (véxase por exemplo a documentación de Celanova) e hoxe só queda o recordo dela no nome da parroquia de Santo Estevo de Nóvoa, de Carballeda de Avia. Hai dous séculos e medio era parroquia de Ribadavia².

No documento do que falamos non hai referencia ó topónimo *Nóvoa*, pero queremos citalo polo seu interese onomástico. Como xa ten indicado G. Navaza³, quen nos honra como presidente desta mesa, Nóvoa é a orixe dun apelido exclusivamente galego e moitas veces mal utilizado: tódolos apelidos Nóvoa (e non *Novoa) do mundo proceden deste topónimo, xa que é único. Etimoloxicamente ten tamén o seu interese. Orixinario dun NŌUULA latino, adxectivo feminino cun sufixo diminutivo sen produtividade no romance, o étimo déixanos concluír que este nome de lugar, con toda probabilidade, ten a súa orixe na época da Gallaecia romana. Con todo, descoñécese hoxe cal sería a localización dunhas hipotéticas UILLA NŌUULA ou ECCLESIA NŌUULA que lle poderían ter dado orixe ó topónimo. Tamén sería interesante analiza-lo valor do sufixo diminutivo e o feito de que se engada ó adxectivo.

Así pois, a primeira mención á localización dos topónimos que imos comentar aparece nunha cita ó comezo do noso texto, onde se fala «das viñas et das casas et dos soutos et herdades et dos fforos que o monesteiro de Mellón et ha enna villa de Sante Steuo».

Reffrese esta «villa de Sante Steuo» ó núcleo principal da mencionada parroquia de Santo Estevo de Nóvoa en Carballeda de Avia, núcleo hoxe coñecido polos veciños coma A Aldea.

Luz Méndez

Na actualidade a parroquia figura administrativamente con este único núcleo de poboación (*Santo Estevo* ou *A Aldea*). Fóra da parroquia, a denominación común é a forma castellanizada San Esteban.

A selección dos topónimos no documento non sempre foi doada (na táboa final pódese ver o corpus completo), fundamentalmente naqueles casos de microtoponimia en que o topónimo corresponde a unha forma xenérica (p. ex.: *O Regueiro*, topónimo 38) xa que é difícil determinar se o texto corresponde a un nome de lugar ou só remite ó elemento que significa esa voz común. Por exemplo, cando no documento se di que unha propiedade «en fondo fferre enno rregueiro» non podemos saber se ese «rregueiro» se refire a un curso pequeno de auga ou á *denominación onomástica* dunha zona concreta. Como é sabido, as convencións gráficas dos vellos documentos pouco teñen que ver coas actuais e non nos serve de axuda o uso de maiúsculas, convención caracterizadora de nomes propios hoxe en día.

Ademais desas formas xenéricas, incluímos tamén no noso corpus os apelidos claramente toponímicos (p. ex. «Estevo de Cabo»; «Dominga do Casal» topónimos 4 e 6), co risco de que eses apelidos se refiran a topónimos de fóra da nosa área de estudo, xa que non podemos garanti-la procedencia das persoas que os levan.

Tamén decidimos incorporar aquelas posibles localizacións que, aínda que indicadoras de propietarios, poderían ter dado orixe a topónimos, por exemplo as que aparecen en contextos como: «húa leyra hu chaman ha d' Orrac' Ares» ou «Jtem ena do Roanés húa leira...» (topónimos 28 e 37 da táboa).

Finalmente, incluímos tamén topónimos que non pertencen á parroquia como *Ribadavia*, *Ourense* ou *Pontevedra*, que normalmente serven de referencia para localiza-las propiedades: por exemplo cando se di dunha propiedade: «como parte pello camjño público que vay de Rribadauia para Pontevedra»⁵.

Obtivemos pois, sen conta-las formas repetidas, os 52 topónimos que aparecen na táboa, na que despois engadímo-lo correspondente étimo, cando o puidemos determinar, e a forma do topónimo actual.

Coa lista obtida visitámo-la parroquia á procura de informantes que a coñecesen ben e, cunha fotografía aérea da zona como a que se achega, preguntámoslles polos topónimos recollidos no noso documento.

A intención desta exposición é identificar coas correspondentes formas actuais os topónimos recollidos no documento para, ademais de comentalos, resalta-la importancia das fontes antigas no estudo da toponimia galega tanto menor coma maior.

Pasamos a comenta-los máis significativos.

En xeral, os topónimos do corpus non parecen moi interesantes. A maioría coinciden con formas xenéricas e son transparentes para calquera falante. De calquera xeito, permítenos comentar algunhas breves cuestións de interese.

1. Os topónimos 3 e 8 pódense identificar cos actuais *O Barreiro* e *O Castiñeiro*. Na época medieval aparecen con formas máis complexas: *O Barreiro de Çima* ou *O Castiñeiro do Agro*. Hoxe os «apelidos» deses topónimos desapareceron. Con todo,

Topónimos medievais en Terra de Nóvoa (Carballada de Avia)

tamén é posible que os microtopónimos medievais tivesen outras localizacións e hoxe desapareceran.

2. Os topónimos procedentes de cadeas onomásticas (números 4, 6, 9, 10, 15, 16, 22, 43, 48, 50), agás nun caso (núm. 4: *Cabo*), localizáronse na parroquia ou arredores.

3. O topónimo máis interesante do corpus, pola súa dificultade é o número 5, *Cardoxe-i* / *Carduxe-i*.

Localízase no límite entre a parroquia de Santo Estevo e a de Vilaverde (Melón). Non corresponde a un lugar habitado e a xente non o identifica facilmente en Santo Estevo. Os informantes lembráronse de lle ter oído á xente vella dicir cando alguén morría «vai en Cardoxe», polo que concluíron que se debe situar preto do actual lugar do cemiterio, fóra do núcleo principal da parroquia.

Ó parecer, hoxe teñen máis propiedades nesa zona os veciños da parroquia de Vilaverde que tamén dan como referencia para localiza-lo topónimo o actual cemiterio de Santo Estevo.

Tamén existe na zona hoxe o topónimo *Portela de Cardoxe*.

Nun documento foral de 1928, posiblemente nun intento de castelanización, o topónimo aparece recollido como *Cardoso*⁶. Pero é difícil explicar a palatalización do -s- nun sufixo ben estable coma o abundancial -oso.

A pronuncia actual segue vacilando entre *Carduxe* e *Cardoxe*.

Inicialmente pensei que era un topónimo único no dominio do galego e o portugués. Nin nos nomenclátors galegos nin nos portugueses atopei ningún topónimo semellante.

Non obstante, encontrei datos de que así se chamaba un antigo lugar da parroquia de Santa María de Burela, no concello do mesmo nome:

A principios de este século Santa María de Burela era una pequena parroquia desglosada en cuatro barrios: el principal era Burela de Cabo, después estaba el de la Vila do Medio y finalmente, los barrios de Vilar y el Puerto. Todos ellos junto con los –igualmente antiguos– lugares de Pron, Cardoxe y Rivela constituyeron hasta bien entrada la década de los cincuenta, los únicos testigos del desarrollo demográfico⁷.

Tamén no dicionario de Madoz (1845-50:556/vol. V) vén recollido o lugar de *Cardoje* como pertencente á parroquia de Santa Cilla do Valadouro, no concello de Foz, que hoxe non figura no *Nomenclátor de Galicia* polo que, ou ben desapareceu ou ben quedou integrado nun lugar máis amplo.

Con respecto á etimoloxía, a posibilidade dun primeiro elemento gót. CART- a partir do que Piel / Kremer (1976:106-107) explican os topónimos *Cardigonde*, *Cartimill*/*Cartomil* ou *Cartoi* e *Cartois*, entre outros, é difícil de soste por que obrigaría a admitir unha sonorización da oclusiva non intervocálica. E aínda podendo admitir a hipótese, teríamos o problema do segundo elemento.

Luz Méndez

En relación con *-oxe*, ó coméntalo topónimo *Vilalixe*, Piel (1984:22) explícao como procedente de *Villa Ursi*, dun nome persoal latino *URSUS*, emparentado co nome do oso. Custa explicar nesta hipótese a evolución $\tilde{u} > u$. Ademais, algunhas grafías medievais con <j>⁸ tamén supoñen un atranco, aínda que son máis frecuentes os exemplos <x>⁹. Habería aínda que explicar a palatalización *-s->*-x-*. De aceptar esta evolución, non poderíamos partir do étimo *CASA DE UXE pola imposibilidade de DE + XENITIVO aínda que existe en Portugal a localidade de *Vale de Uge*¹⁰, que avalaría esta hipótese se presupoñemos a existencia dun topónimo previo *Uxe*. Ademais, admiti-la palatalización tamén posibilitaría a idea antes rexeitada de *Cardoso* > **Cardoxo* > **Cardoxe*.

4. Tamén nos parecen interesantes os cambios de número gramatical entre as formas medievais e as modernas. (Vid. topónimos 7 –*O Casarío*–, 20 –*O Lameiro*– ou 25 –*As Nugueiras*–). Estes cambios danse frecuentemente ó muda-la realidade física (onde na Idade Media había un casarío construíronse posteriormente outros; onde inicialmente había un único propietario dun lameiro, o terreo dividiuse e o topónimo pasou a usarse en plural). No caso de *Curral* e *Currás* (topónimo 13) pódese ver algo similar. Onde había un *Curral* posiblemente houbera outros. O conxunto recibiu o nome dos *Currás*. Non son infrecuentes estes cambios gramaticais entre as formas antigas e as modernas e esta podería ser a explicación.

5. O topónimo número 15, *A Ffonte*, por ser bastante frecuente, evidencia a dificultade de localización. Hoxe hai dous lugares chamados así na parroquia.

6. O número 16, *A Igleia*, non parece funcionar no texto realmente como topónimo. Os exemplos citados aparecen en contextos como: «et estas herdades parten pella leira da igleia et doutra parte pella d'Oseira». Incluímolo pola seguinte razón: a igrexa actual está dentro do núcleo da Aldea. É unha igrexa relativamente moderna. Topónimos coma o número 46, *Su Igleia* ou *Suajgleia* –hoxe *Suáirexe*–, e o actual *Fonte da Eirexe*, próximos entre si pero fóra do núcleo das casas e xa a algunha distancia, permítennos pensar que na época do noso documento puido estar alí localizada a igrexa parroquial. Hai uns poucos anos, construíuse na zona da *Fonte da Eirexe*, por riba de *Suáirexe*, unha capela de advocación mariana. Os informantes contáronnos que se dicía que alí houbera unha antiga igrexa e que a gran devoción da xente levou á construción da capela.

7. O topónimo 22 –*Moymenta-Muimenta*–, non pertence a Santo Estevo senón que é o nome da parroquia veciña e é un exemplo máis dun topónimo latino antigo coma *Nóvoa*, que se comentou ó principio desta exposición.

8. O topónimo 31, *Porto oo Freixio* merece comentario, neste caso pola grafía coa que aparece. A forma actual, *Portofreixo*, pronunciada [portɔ'freiʃɔ], lévanos a propoñer como étimo o sintagma *PORTO AD FRAXINU*¹¹ e a forma medieval permítenos aventurar dúas hipóteses: primeiro que a pronuncia podería ser xa moi similar á actual e que a representación do [ɔ] debía supoñer daquela, polo menos nalgúns

Topónimos medievais en Terra de Nóvoa (Carballada de Avia)


casos coma este, un problema gráfico. Como dicimos, é unha hipótese porque, en calquera caso, é moi arriscado interpretar a posible fonética das graffas medievais, con frecuencia moi vacilantes.

9. Finalmente, queremos sinalar que algúns topónimos os emparellamos por proximidade, porque non temos ningún tipo de certeza sobre a súa correspondencia, nin explicación. Por exemplo, os número 40 ou 49, *A Ribeira-Rribeyra* e *Uársea*.

Conclusiones

Para rematar queremos expoñer dúas breves reflexións. En primeiro lugar que a experiencia de trasladar á realidade toponímica e xeográfica actual un corpus medieval de topónimos e microtopónimos, hipotético en moitos casos, con variantes gráficas nas formas e, en ocasións con lecturas dubidasas pola deficiente conservación do documento, sorprendeunos gratamente xa que, a pesar das formas non localizadas, permitiunos ofrece-la posible representación cartográfica da parroquia hai 600 anos, aínda que sexa parcialmente.

En segundo lugar, queremos concluír que, en certa maneira, isto permite demostrar que a realidade toponímica galega en determinados lugares case non mudou, o que debería animar a todos aqueles interesados nesta disciplina a sacar á luz o inmenso legado documental que en moitos casos permanece oculto. O documento co que traballamos neste caso, non permite descubrir grandes achados etimolóxicos nin topónimos especialmente particulares pero espero que pensen, coma nós, que si nos ofrece pequenos datos de interese no inxente traballo que aínda queda por facer en relación ó estudo da toponimia galega.



Santo de Estevo - A Aldea (*Santo Estevo de Nóvoa, CARBALLEDA DE AVIA*).

Luz Méndez

Topónimos medievais en Terra de Nóvoa (Carballeda de Avia)

Topónimo medieval	Latino	Posible topónimo actual
1. <i>Agro Frfo</i>	AGRU FRIGIDU	Agro Frfo
2. <i>Angoal (enno monte de —)</i>	*MONTE ANGULARE	—
3. <i>Barreiro (O)</i> <i>Barreiro (Esteualna do—)</i> <i>Barreiro de Çima (eno—)</i>	BARRARIU	O Barreiro
4. <i>Cabo (Esteuo de)</i>	CAPU	—
5. <i>Cardoxe / Cardoxi / Carduxi</i>	¿?	Cardoxe
6. <i>Casal (Dominga do—)</i> <i>Casar (Dominga do—)</i> <i>Casar (Johán Amigo do—)</i>	CASALE VAR. CASARE	O Casal
7. <i>Casarlo (eno —)</i>	CASAR +IO	Os Casarfos
8. <i>Castineiro do Agro (eno —)</i>	CASTANARIO	O Castiñeiro
9. <i>Castro (Lourenço do —)</i>	CASTRU	O Castro
10. <i>Congostas (Pero das —)</i> <i>Congostas (Pero das —)</i>	CO + ANGUSTA (-R- ANTIETIMOLÓXICO)	A Congostrá (da Chaira)
11. <i>Cortinal (O)</i>	COHORTE + INA +ALE	O Cortiñal
12. <i>Couso</i>	¿?	—
13. <i>Curraas</i> <i>Curraes (María de —)</i> <i>Currál (María do —) (1 vez)</i>	CURRALES CURRALE	Currás de Adentro Currás de Afora
14. <i>Eiroa (A)</i>	AREOLA	A Eiroa
15. <i>Ffonte (Lourenço da —)</i>	FONTE	A Fonte (de Ariba) A Fonte (da Eirexe)
16. <i>[Igleia (A)]</i>	ECCLESIA	A Eirexe
17. <i>Lagea (Sancha da —)</i>	LAGENA	Laxa (de Nóvoa)
18. <i>Lama (A)</i>	LAMA	A Lama
19. <i>Lana (A)</i>	LAMA	A Lama
20. <i>Lameiro (O)</i>	LAMA + ARIO	Os Lameiros
21. <i>Lauadoiros</i>	LAVATORIU	Os Lavadoiros
22. <i>Melón</i>	antropón. MELONI (?)	Melón
23. <i>Moymenta (Dominga Anes de —)</i> <i>Muimenta (Dominga Eanes de —)</i>	MONUMENTA	Muimenta
24. <i>Nauallas (As) -</i>	dim. do preind. nava < *N-B 'auga'	—
25. <i>Nogueiras (As)</i>	NUCARIAS	A Nogueira
26. <i>Orrac' Arres</i>	ORRACA ARES	—
27. <i>Oseira</i>	URSARIA	Oseira
28. <i>Pedra (A)</i>	PETRA	—
29. <i>Penelas - Pereias(?) (As)</i>	PINNA +ELAS - PIRA +ELAS	—
30. <i>Pontevedra</i>	PONTE VETERA	Pontevedra

Topónimos medievais en Terra de Nóvoa (Carballada de Avia)

Topónimo medieval	Étimo	Posible topónimo actual
31. <i>Porto oo Ffreixio (oo)</i>	PORTO AD FRAXINU	Portofreixo [portofrejsɔ]
32. <i>Poulo (Pero do — O)</i>	PABULU	
33. <i>Quintecinas (as)</i>	QUINTANARIAS	
34. <i>Quinteiros (Os)</i>	QUINTANARIOS	
35. <i>Roants (A do) - Romés (A do)</i>	xentilic. de ROÁN	
36. <i>Rrego da Ágon (pello)</i> <i>Rrego (o)</i>	RIGU DE ILLA AQUA perr. *RECU (*RICA 'sucó') Cf. Corominas	Rego de Auga
37. <i>Rrego da Ueiga (em)</i>	RIGU DE ILLA IBAIKA	(O Val) da Veiga
38. <i>Rregueiro da Videira (O)</i> <i>Rregeiro da Videira (O)</i> <i>Rregueiro (O)</i> <i>Rrigeiro (O)</i> <i>Rregeiro (enno)</i>	RIGARIU DE ILLA VIDARIA	O Regueiro da Videira
39. <i>Rribadduea</i> <i>Rribadauia</i>	RIPA DE AVIA	Ribadavia
40. <i>Rribeira (dos da)</i> <i>Rribeyra (dos de)</i>	RIPARIA	O Ribeiro (?)
41. <i>Rrodolo (O)</i>	*RETRUCULU(?)	
42. <i>Sant Esteuo</i>	SANCTI STEPHANU	A Aldea / *San Esteban
43. <i>Souenal (O)</i>	SUBERALE	
44. <i>Souto (Johán do —)</i>	SALTU	O Souto
45. <i>Sseixo (O)</i>	SAXU	O Seixo
46. <i>Ssu A Igleia</i> <i>Su Igleia -</i>	SUB ILLA ECCLESIA	Suairesxe
47. <i>Uale (O)</i>	VALLE	O Val (da Veiga)
48. <i>Uales</i>	VALLES	Vales
49. <i>Uårsea (Johán de —)</i>	BARCENA	Barciela (?)
50. <i>Videira (As touças da —)</i>	VIDARIA	A Videira
51. <i>Uilarino (Johán do Souto do —)</i> <i>Vilariño (Martín Anes de —)</i>	VILLARINU	Vilariño
52. <i>Viso (O)</i>	VISU (part. de VIDEO)	O Viso

Luz Méndez

BIBLIOGRAFÍA

- Piel, Joseph M. (1984): «Novísimas achegas à história da tradição antropo-toponómica mais antiga latina no Noroeste galaico», *Verba* 11 22, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.
- Kremer, Dieter, e Piel, Joseph M. (1976). *Hispano-Gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter
- Madoz (1845-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*. 16 vols. Madrid: Establecimiento tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti.
- Xunta de Galicia (2003): *Nomenclátor de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia e Administración Pública.
- Gallego Domínguez, Olga. (1986): «Tumbo de las viñas de Ribadavia» en *Boletín Auriense* XVI (1986:157-176)
- Oviedo Arce, Eladio (ed.) (1901): «Fragmento de una versión gallega del Código de las Partidas de Alfonso el Sabio» in López Ferreiro, Antonio (ed.): *Galicia Histórica. Colección Diplomática*. Santiago: Tipografía Galaica, pp. 4-13. Fonte: TMILG (última consulta 7-06-2006).
- Román Martínez, Miguel e Rodríguez Suárez, M^a del Pilar (2003): *Libro tumbo de pergamino. Un códice medieval del monasterio de Oseira*. Santiago de Compostela: Tórculo.
- Román Martínez, Miguel (ed.) (1989-1993): *La colección diplomática de Santa maría de Oseira (1025-1310)*. 3 vols. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións (1989, 1989, 1993).

Topónimos medievais en Terra de Nóvoa (Carballeda de Avia)

NOTAS

1. O estudo dos textos deste pergamiño é motivo da nosa tese de doutoramento. Ata o momento, foi transcrito parcialmente por Olga Gallego (1986:157-176).
2. Madoz (1849:167/XII).
3. <http://www.amesanl.org/Apelidos/apelidos02.html> (última consulta: 7-5-2006).
4. A denominación *A Aldea* non está recollida no Nomenclátor. En Madoz (1845-50: 167/ vol. XII) non se citan nomes de aldeas que pertencen á parroquia polo que tal vez debamos entender que xa estaba constituída só por un único núcleo.
5. «Además de los CAMINOS locales cruzan por esta felig. los que dirigen desde Ribadavia á Orense, Pontevedra, Cañiza y á otros puntos.» Madoz (1845-50: 167/ vol. XII).
6. Agradézolle estes dous últimos datos a Anafr Rodríguez.
7. www.burela.org/es/informacion/demografia.asp (última consulta 6-5-2006).
8. «Notario publico del Rey en terra de temeés et de uillauje escriui esta carta por mandado das partes» Oviedo Arce, Eladio (1901).
9. Romanf Martínez, Miguel (1988-1993): II-1192/1135; II-1230/1168; II-1264/1202; II-1265/1203; II-1273/1210; II-1284/1220. E tamén Romanf Martínez, Miguel e Rodríguez Suárez, M^a del Pilar (2003): [5]/113. Fonte: TMILG (www.cirp.es/tmilg/buscas.html). (Última consulta 6-5-2006).
10. Freguesía de Santo Estévão das Galés, concello de Mafra (Fonte: I.N.E. de Portugal).
11. É habitual a construción PORTO + AD +SUBSTANTIVO cando porto significa 'paso no río'.